

3º Ciclo

Bo día a todas e a todos!
Aquí chega Sexto e Quinto
para cantar este maio,
que nos saíu tan feitiño.

Neste tan bonito maio
nós vimos a denunciar
a quen pasou por aquí
e ao que veña por acá.

Este ano choveu moito
e aquí vimos protestar;
todo foi culpa d@s profes,
témol@s que demandar.

Polo tema ese da auga
non saímos ao recreo;
chovendo ou poallando,
isto foi coma un secuestro.

Nin atlánticas borrascas,
nin anticiclón siberiano,
a culpa tívoa todia
o noso profesorado.

Alá polo mes de outubro,
coa chegada de Pinguña,
traballamos coma mulas,
día e noite, noite e día.

Non esaxeramos nada
que xa no mes de novembro,
fixemos unhas gotiñas
cos nosos desexos dentro.

De contaminar a auga
tivemos que investigar
e de tanto que buscamos
non podemos nin falar.

Para celebrar o Entroido
preparamos os disfraces
de animais xelatinosos
e uns gordos navegantes.

A nosa amiga Pinguña
mandounos memorizar
unha chea de palabras.
Vaia reto tan xenial!

Tivemos que aprender
un montón de poesías
sobre a auga, sobre o mar.
Que diver foi ese día!

Na nosa Semana Santa
que era para descansar
tivemos que buscar lendas,
sobre a auga traballar.

De excursión ao río Miño,
e que mal que o pasamos!
Camiñamos moitos metros
e só vimos un regato!

Fomos todos de excursión
e Aqualia visitamos.
Tamén vimos o Prestige
e xa máis non toleramos.

Non teñen mellor idea
para o curso rematar
que unha gran festa da auga
todos imos celebrar.

Rectificar é de sabi@s,
elixide outros temas;
pero nunca desafiedes
ás forzas da natureza.

Este ano xa nos vamos
do colexio para a ESO;
aínda que non nos vexamos,
xamais vos esqueceremos.